

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE CLUBS NÁUTICOS DE GALICIA (ASNAUGA) PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO TURISMO NÁUTICO EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación de Clubs Náuticos de Galicia - ASNAUGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Asnauga para a promoción e comercialización do turismo náutico en Galicia, e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, así como toda clase de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia é unha institución sen ánimo de lucro. Constitúese o 20 de febreiro de 2003, sendo a única asociación empresarial existente en Galicia representativa deste sector, rexistrada na Consellería de Economía, Emprego e Industria, implantada en toda Galicia, e formada por 31 entidades náuticas cuxo obxectivo é promocionar e comercializar o turismo náutico en Galicia.

A defensa e promoción dos clubs náuticos galegos foi uns dos incentivos que motiva a creación da Asociación. Así mesmo, outro dos obxectivos de ASNAUGA é axudar a potenciar o turismo náutico deportivo nas costas de Galicia Conscientes da súa singularidade e das inigualables características para as actividades náutico-deportivas que teñen as nosas Rías e costas en xeral, promoveu e potenciou a aplicación de certificacións medio ambientais e de calidade, contando na actualidade con:

- O 75 % das Bandeiras Azuis de Galicia.
- O 81,31 % das certificacións "Q" de Calidade de Galicia e o 50% de España.
- O 100% das certificacións "S" de Sustentabilidade Turística de Galicia.
- O 100 % das certificacións EMAS de Galicia.
- O 100 % das ISO 14001 de Galicia.
- O 81,31 % das certificacións de Galicia calidade en portos deportivos.

ASNAUGA ten entre os seus fins o de manter e fomentar, como creadores e prestadores de servizos de infraestruturas portuarias, un turismo de calidade e accesible que permita diversificar a oferta turística existente e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, e de todo tipo de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.

Terceiro.- Que este proxecto ten como obxectivo a promoción e comercialización do turismo náutico en Galicia, un turismo de calidade e accesíbel que permita diversificar a oferta turística



existente na nosa comunidade autónoma e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, así como toda clase de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.

ASNAUGA pretende a potenciación do turismo náutico na nosa Comunidade, pero dun xeito responsable, conxugando o turismo co respecto o medio ambiente e a calidade dos servizos. Neste sentido, pretendemos reforzar e potenciar as infraestruturas, aplicación e mellora de novas tecnoloxías, adaptación das instalacións ás certificacións de sustentabilidade, calidade e medio ambiente, fomentando e potenciando a consecución das mesmas, así como a mellora da profesionalidade dos seus recursos humanos e directivos.

As instalacións náutico-deportivas son as portas de entrada para dar a coñecer Galicia o navegante. Unha mala calidade, xestión ou infraestruturas pode ter un impacto negativo inmediato sobre o visitante.

Por este motivo, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia (ASNAUGA), pretende fomentar e potenciar as súas infraestruturas e servizos no resto de países do Atlántico, unha conciencia de calidade e aproveitamento sostible do patrimonio das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras, promovendo iniciativas de posta en valor dos servizos de calidade, e protección dos recursos naturais. Nalgúns deles foron implantándose sistemas de xestión de Calidades como a certificación ISO 13687 (Q de Calidade) e de medio ambiente, como a certificación ISO 14001, e están adheridos ó Regulamento EMAS, e no último ano a certificación de sustentabilidade turística "S".

Así mesmo, dentro da idiosincrasia da cultura de Galicia, e intimamente relacionada con ela, quérese potenciar a simbiose de relixiosidade, turismo e náutica, a través da Travesía Náutica Xacobeá, como Camiño do mar para chegar a Compostela. A dita Ruta, nas súas dúas vertentes: Norte e Sur, foron certificadas no mes de novembro de 2021 como a primeira Ruta Turística de España como "Q" de calidade polo ICTE.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

